

A convivencia é, sen dúbida, o tema máis recorrente nas conversas de profesores e profesoras, o que máis tempo lles esixe aos equipos directivos e o que máis desasosego causa ás familias. As relacións existentes no centro afectan á totalidade do alumnado e provocan a maior sensación de fracaso cando non se xestionan adecuadamente. É, en resumo, un dos aspectos máis relevantes do traballo docente e o fin último da educación. Con estas ideas e co obxectivo de mellorar o ambiente de relacións no noso centro, deseñamos un plan de traballo e poñemos en marcha unha serie de medidas que se relatan neste artigo.

# Un modelo integrado de xestión da convivencia

**Manuel Losada Cabanas**  
Director do IES As Telleiras, Narón

Dende a implantación da ESO ata hoxe no noso instituto véñense desenvolvendo diferentes estratexias orientadas á implantación dun modelo integrado de xestión da convivencia. As ditas estratexias poden resumirse nos seguintes puntos:

- Implantación dun sistema de control e análise da convivencia coa creación dun Observatorio da Convivencia.
- Creación dunha xunta de titores e titoras.
- Formación dun equipo de mediadores e mediadoras.
- Potenciación dunha comisión de convivencia.
- Potenciación dunha xunta de delegados e delegadas.
- Potenciación das asembleas de aula.
- Autoavaliación do centro a través da

implantación dun sistema de xestión da calidade segundo a norma internacional ISO 9001/2000.

## Os primeiros pasos dun ambicioso proxecto

No curso 1999-2000, creamos o Observatorio da Convivencia, formado inicialmente polo director e o xefe de estudos. Na actualidade tamén participan nel a orientadora, a profesora de Pedagogía Terapéutica, a xunta de titoras e titores e os membros da comisión de convivencia. Entre as súas funcións está a recompilación de información a partir de diferentes fontes: parte de incidencias do profesorado, parte de incidencias do alumnado, caixa de queixas e suxestións e enquisa de satisfacción anual. Toda a



A consolidación dunha cultura de resolución pacífica de conflitos mellora as relacións entre os alumnos



Os traballos compartidos resultan fundamentais para impulsar a participación

información se rexistra e se analiza co obxectivo de ter en todo momento un coñecemento preciso da problemática e poder transmitila á comunidade educativa para que tome as medidas que correspondan. Este observatorio elabora e analiza, como mínimo, un informe quincenal sobre os problemas de convivencia no centro.

Ao mesmo tempo, comeza a funcionar a xunta de titores e titoras de ESO (fig. 1) que, inicialmente, se organiza coa única finalidade de evitar que o tempo dedicado á titoría se utilice como unha hora de estudo, ou se dedique á materia do responsable do grupo. Na práctica este obxectivo superouse amplamente e a reunión semanal de titores é, posiblemente, a experiencia máis

enriquecedora das que se realizan hoxe no instituto. A xunta de titores ten participado, por petición propia, en distintos programas de formación, como atención á diversidade, técnicas de traballo individual e de grupo, prevención do consumo de drogas no ámbito escolar, prevención da violencia de xénero, etc.

Todo isto, xunto á información de aula que se adquire no día a día, xerou unhas condicións moi favorables para a creación dunha cultura reflexiva e de traballo en equipo. A aplicación destes coñecementos adquiridos polos titores levounos a ver a necesidade de preparar material específico que incida directamente no tema da convivencia e mellore o clima de clase. Deste xeito, durante o curso 2006-2007 elabóranse actividades de titoría seguindo

dúas liñas. Por unha banda, as dirixidas a previr un determinado tipo de problemas de relacións. Co título de “Todos metidos nun bote” fixéronse tres actividades: “A violencia algo cotián nas aulas”, para facer visible o acoso escolar; “Relacións de cordialidade” e “Relacións entre compañeiros”, encamiñadas ambas a facer do diálogo a base fundamental na resolución de conflitos.

Por outro lado, desenvolvéronse actividades dirixidas á elaboración democrática de normas. O mesmo título é indicativo dos contidos traballados: “Deberes, deberes, deberes...!”, e os dereitos?”, “Fágoos porque si!!”, “Normas..., que normas?” e “Que normas queremos?”. Estas últimas complementan as actividades que se levaron a cabo coas




Fig. 1 Observatorio de convivencia e xunta de titores e titoras




Fig. 2 Asembleas de aula e xunta de delegados e delegadas

familias, entre as que hai que destacar a recollida de ideas sobre o que pensan as nais e os pais respecto á convivencia no centro, as charlas de profesionais dirixidas ás familias, e as reunións da dirección con grupos que presentan problemas de convivencia. Paralelamente o profesorado realiza enquisas e estuda, a través de grupos de traballo, a maneira de reelaborar un Regulamento de réxime interior que conte coa maior participación posible de toda a comunidade.

### A convivencia no centro da actividade

No curso 2005-2006 iniciamos a implantación da mediación como técnica de resolución de conflitos. Para lograr a dita implantación pasamos polas seguintes etapas: formación dos titores e titoras, formación do alumnado de ESO, e presentación de voluntarios e voluntarias para exercer a función de mediador. No curso 2006-2007 realízanse con éxito as catro primeiras mediacións formais. Hai familias que rexentan este procedemento cando o conflito se produce entre iguais. Nestes casos, prefíren a intervención directa dos adultos. De calquera xeito, o proceso de formación, tanto do alumnado como do profesorado implicado, así como o só feito de pensar na necesidade de coñecer e aplicar técnicas de resolución pacífica de conflitos ten, posiblemente, máis incidencia educativa que a propia aplicación das devanditas técnicas.

Por outra parte, e coa idea de darlle un maior protagonismo á comisión de

convivencia, decidimos integrala no observatorio e recoller por escrito a súa composición, funcións, e periodicidade de reunións. Atribuímoslle, á vez, a facultade de intervir directamente na resolución de conflitos, proponendo, cando o considere factible, unha resolución pactada dos mesmos. E así, ao longo do curso 2006-2007, a comisión reuniuse trimestralmente, recibiu información quincenal dos problemas de convivencia no centro, desenvolveu con éxito a resolución pactada dun conflito grave e emitiu un informe ao rematar o curso. Nel insta a toda a comunidade educativa a actuar conxuntamente fronte ás situacións de maltrato entre iguais.

### Un impulso á participación do alumnado

Somos moi conscientes de que para unha xestión integral da convivencia precisamos o apoio dos alumnos e das alumnas. Con este fin créase a xunta de delegados e delegadas (fig.2). Para conseguir que funcione, tratamos de establecer boas canles de comunicación con eles. Iso é o que nos leva a pensar na necesidade de que conten con representantes. Así é como a súa elección pasa a converterse nun feito relevante na vida do centro. A xunta de titores elabora unha actividade, que baixo o título "Busca, compara e elixe o/a mellor" pretende transmitir a importancia dunha elección meditada e responsable dos delegados e delegadas. Previamente, o equipo directivo desenvolve un curso de

formación de delegados e delegadas, no que se lles facilita información sobre o funcionamento do centro a través da análise dos seguintes puntos: Plan de convivencia, organización de actividades extraescolares, xestión administrativa e económica, organización escolar, actividades non lectivas do profesorado e sistema de calidade. A actividade foi moi ben valorada polos alumnos e alumnas.

O alumnado e os seus representantes reciben formación para enfrontarse con criterio á tarefa de análise e elaboración de normas. A partir de aí elaboran estas nas clases, durante a hora de tutoría. Despois de aprobalo o claustro, procédese a convocar as asembleas de aula en período lectivo. Ao tratarse da primeira vez que se desenvolve esta actividade no centro, os titores e titoras explicáronlle ao alumnado, o sistema de convocatoria, a elección de secretario e moderador, a redacción da acta e a avaliación dunha xuntanza destas características. O tema tratado foi a convivencia no instituto. As achegas realizadas polo alumnado están a estudarse co obxecto de incorporalas ao Plan de convivencia no primeiro trimestre do curso 2007-2008. Preténdese que nos próximos cursos as devanditas asembleas se convoquen trimestralmente, en datas próximas ás das sesións de avaliación, e que transmitan, xunto a outros temas de interese para o alumnado, a percepción de que nas aulas se lles ten respecto aos problemas de convivencia no centro, así como á forma de resolvelos.



## Avaliación interna

O IES As Telleiras posúe a certificación de calidade conforme á norma UNE-EN ISO 9001 o que significa, entre outras moitas cousas, que temos implantado un sistema de autoavaliación. Un dos nosos obxectivos é potenciar os aspectos máis cualitativos deste sistema por consideralos os máis enriquecedores e acordos cun centro de ensino. Neste marco elabórase un procedemento específico para o control e prevención de conflitos, partindo da documentación que xa tiñamos e adaptándoa ao citado modelo de xestión da calidade que constitúe o noso plan de convivencia. De especial interese é a organización das sesións de avaliación nas que, en base á análise do absentismo e dos resultados académicos, se analizan os problemas de convivencia obrigando a xunta de avaliación a tomar medidas cando da dita análise se chega a unha non conformidade, é dicir, cando non transcorre de acordo co previsto: número de suspensos dun alumno ou alumna, número de faltas de asistencia, número de problemas de convivencia, etc.

## O que nos proporcionou a experiencia

A modo de síntese, podemos afirmar que hoxe está consolidada no centro unha cultura de resolución pacífica dos conflitos a través de:

- Un mellor coñecemento dos problemas de convivencia, tanto dos detectados polo observatorio, como daqueles que lle afectan máis ao alumnado e que transmiten as asembleas de aula.
- Unha resposta preventiva á problemática da convivencia, impulsada, fundamentalmente, pola xunta de titores. Neste sentido, a actividade levada a cabo polos titores

e titoras constituíu un verdadeiro proceso de formación, coa vantaxe engadida de desenvolverse esta no centro de traballo e horario lectivo.

- Unha resposta pactada aos conflitos, o que constitúe unha interesante alternativa á simple aplicación do Regulamento de réxime interior, e un aumento significativo da participación de toda a comunidade educativa. A dita participación canalízase, fundamentalmente, nas asembleas de aula e na xunta de delegados, o que redonda nun maior compromiso na elaboración de normas de convivencia.
- Un sistema de avaliación do centro sometido a unha auditoría externa, que inclúe os aspectos máis transcendentais do proceso educativo, é dicir, aqueles que teñen como obxectivo regular a convivencia.

### Bibliografía

FEAL REGUEIRO, J. e BARREIRO SEOANE, M. J. (2003) Técnicas de traballo individual e grupal na titoría de primeiro ciclo da ESO. *IDEA. Intercambio de Experiencias de Aula* (9) 48-56.

JARES, X. R. (2001) *Aprender a convivir*. Vigo, Xerais.

TORREGO, J. C. (Coord.) (2006) *Modelo integrado de mejora de la convivencia. Estrategias de mediación y tratamiento de conflictos*. Barcelona, Graó.

## Unha traxectoria en favor dunha cultura de paz

O IES As Telleiras é un centro de ensino de carácter público que acolle uns 600 alumnos e alumnas e no que se imparten ESO, bacharelato e programas de garantía social. No curso 2004-2005 recibe un premio da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no que se lle recoñecen as súas actuacións de calidade educativa. A partir do 2005-2006 a experiencia preséntase en actividades organizadas polo Consejo Escolar del Estado e polo Consello Escolar de Galicia. O pasado curso outorgóuselle o premio "Plan Valora 2006-2007" no ámbito de convivencia, cidadanía e cultura de paz. O centro posúe, ademais, a certificación de calidade consonte a norma internacional ISO 9001/2000 (International Standar Organization).

O alumnado documéntase e debate antes de levar as súas propostas ás sesións de titoría

